

**ACTA DA SESIÓN REALIZADA POLO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA
EMPRESA MUNICIPAL “TURISMO DE SANXENXO, S.L.” O DÍA 14 DE
OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE:-----**

PRESIDENTE

D. Telmo Martín González (representado),

ASISTENTES:

Dna. Paula Martínez Santos.

D. Marcos Guisasola Padín.

D. Juan Antonio Deza Otero.

Dna. María Deza Martínez.

NON ASISTENTES:

Dna. Ainhoa Fervenza Celestino.

D. Alfonso Martínez Cacheda.

D. Francisco González López.

SECRETARIA:

D^a. Romina Fernández Pena.

=====

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Sanxenxo, sendo as nove horas cincuenta e cinco minutos do día catorce de outubro de dous mil dezanove. Baixo a Presidencia da Sra. Presidenta accidental, reuníronse os membros do Consello de Administración da Entidade Mercantil “Turismo de Sanxenxo, S.L.”, con fin de realizar a sesión do Consello convocado para o día de hoxe. Pola Presidencia declárase aberta a sesión có obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria cursada ó efecto.-----

1º.- XUSTIFICACIÓN E RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Preside a sesión a Sra. Presidenta accidental, a Alcaldesa por ausencia do Sr. Alcalde de Sanxenxo, Dna. María Deza Otero. Infórmase asemade que consta no expediente a delegación de voto do Presidente ausente na persona da Vicepresidenta de Turismo de Sanxenxo S.L., Dna. Paula Martínez Santos.

En relación a este punto, infórmase aos membros do Consello que por por da proximidade das datas de Nadal, faise preciso tratar de urxencia os temas dos puntos da orde do día, de cara a poder axilizar o máximo posible os expedientes de contratación.

Os membros presentes e representados **aceptan e ratifican a urxencia da convocatoria por UNANIMIDADE.**

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO ACTA DA SESIÓN DO 29 DE AGOSTO DE 2019.

Sometida a votación a aprobación do acta anterior, por parte dos membros do Consello presentes e representados **aprobase a mesma POR UNANIMIDADE** (*votos a favor*: D. Telmo Martín González –representado-, D. Marcos Guisasola Padín, D. Juan Deza Otero, Dna. María Deza Martínez e Dna. Paula Martinez Santos).

3º.- ENCOMENDA POLA ENTIDADE LOCAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE NADAL. ACEPTACIÓN, SE PROCEDE.

Por parte do Sr. Guisasola Padín informase que por parte da entidade local xa nos orzamentos aprobados no ano 2019 contemplábase que indistintamente por parte de Turismo de Sanxenxo ou de Terra Sanxenxo puidesen organizarse as festas de Nadal. Que por temas financeiros e de aforro de IVE, faise necesario encomendar as mesmas a Turismo de Sanxenxo S.L. (as licitacións que poidan xurdir). Tamén precisa que a nivel organizativo, programación e desenvolvemento das actividades, éstas seguirán sendo desempeñadas polo persoal técnico dependente do OAL Terra Sanxenxo e/ou do Concello de Sanxenxo, na Concellería de Cultura e Educación; debendo existir una cooperación administrativa por parte de tódolos técnicos municipais.

Por parte dos membros do Consello de Administración **acéptase por UNANIMIDADE A ENCOMENDA DE XESTIÓN** (*votos a favor*: D. Telmo Martín González –representado-, D. Marcos Guisasola Padín, D. Juan Deza Otero, Dna. María Deza Martínez e Dna. Paula Martínez Santos).

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE CARPA CON INSTALACIÓN DE TARIMA, ENMOQUETADO, PLANCHADA DE ESCENARIO, ILUMINACIÓN E CLIMATIZACIÓN, DECORACIÓN DE NADAL, INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE SONIDO E CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE SEGURIDADE PREVISTAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE NADAL 2019-2020. DELEGACIÓN NA PRESIDENCIA DA APROBACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN E TRAMITACIÓN DO DEVANDITO EXPEDIENTE.

Infórmase polo Sr. Guisasola Padín que faise necesario aprobar a incoación do expediente de contratación da carpa de Nadal e actividades varias, así como delegar na Presidencia a aprobación do devandito expediente e tramitación ulterior do mesmo, unha vez se conte cós informes favorables, xurídico e demais así como a previa fiscalización do Interventor.

Sometida a votación este punto, por parte dos membros do Consello presentes e representados **aprobase o mesmo POR UNANIMIDADE**, isto é a incoación do procedemento e a delegación na Presidencia da aprobación das bases de contratación e tramitación **porterior do devandito expediente** (*votos a favor*: D. Telmo Martín González –representado-, D. Marcos Guisasola Padín, D. Juan Deza Otero, Dna. María Deza Martínez e Dna. Paula Martínez Santos).

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INSTALACIÓN DE ALUMEADO DE NADAL NO CONCELLO DE SANXENXO 2019-2020. DELEGACIÓN NA PRESIDENCIA DA APROBACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN E TRAMITACIÓN DO DEVANDITO EXPEDIENTE.

Infórmase polo Sr. Guisasola Padín que faise necesario aprobar a incoación do expediente de contratación do aumeado de Nadal, así como delegar na Presidencia a aprobación do

devandito expediente e tramitación ulterior do mesmo, unha vez se conte cós informes favorables, xurídico e demais así como a previa fiscalización do Interventor.

Sometido a votación este punto, por parte dos membros do Consello presentes e representados **aprobase o mesmo POR UNANIMIDADE, isto é a incoación do procedemento e a delegación na Presidencia da aprobación das bases de contratación e tramitación posterior do devandito expediente** (*votos a favor*: D. Telmo Martín González –representado-, D. Marcos Guisasola Padín, D. Juan Deza Otero, Dna. María Deza Martínez e Dna. Paula Martinez Santos).

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2020 EN SANXENXO. DELEGACIÓN NA PRESIDENCIA DA APROBACIÓN DAS BASES DE CONTRATACIÓN E TRAMITACIÓN DO DEVANDITO EXPEDIENTE.

Informase asemade polo Sr. Guisasola Padín que para a caso de que sexa preciso sacar a licitación a Cabalgata de Reis, faise preciso aprobar a incoación do devandito procedemento así como delegar na Presidencia a aprobación das bases de contratación e tramitación do devandito expediente.

Nos tres casos anteriores, infórmase que as propostas de adxudicación das Mesas de Contratación terán que ser aprobadas en sesións que se celebren polo Consello de Administración no seu momento oportuno.

Sometido a votación este punto, por parte dos membros do Consello presentes e representados **aprobase o mesmo POR UNANIMIDADE, isto é a incoación do procedemento e a delegación na Presidencia da aprobación das bases de contratación e tramitación posterior do devandito expediente** (*votos a favor*: D. Telmo Martín González –representado-, D. Marcos Guisasola Padín, D. Juan Deza Otero, Dna. María Deza Martínez e Dna. Paula Martinez Santos).

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai rogos e preguntas.



E non figurando na Orde do día máis asuntos, a Presidencia declara finalizada a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do día catorce de outubro de dous mil dezanove, do que eu Secretaria, dou fé.

A PRESIDENTA ACCIDENTAL

turismo de
sanxenxo
Turismo de Sanxenxo, S.L. CIF. B-36.588.887
Asdo. María Deza Otero
Martínez

A SECRETARIA

turismo de
sanxenxo
Turismo de Sanxenxo, S.L. CIF. B-36.588.887
Asdo. Romina Fernández Pena.